

RECLAMACIÓN

Definición

A reclamación é tamén un tipo de carta e, como os anteriores documentos, segue a estrutura e a redacción da carta. Utilízase, obviamente, para presentar unha reclamación por causa dun asunto concreto.

Exemplo

Servizos de hostalaría Tomás
Estrada de Castela, 125
18888 Ferrol, A Coruña

Óscar Méndez Domingo
Rúa do Sol, 33
18610 Ares, A Coruña

Señor,
Póño-me en contacto con vostede para transmitir-lle a desconformidade co servizo que a súa empresa nos prestou.

Como consta na documentación que achego, fixen o meu pedido de pezas para o mes de abril con dous meses de antelación, isto é, o día 2 de febreiro, e insistín na necesidade de cumprir estritamente os prazos de entrega, xa que tiñan que ser destinadas case integramente ás festas do Concello.

A pesar da miña advertencia, a subministración realizouse despois da data sinalada na carta do día 14 de marzo e, ademais, en pésimas condicións de calidade, o cal me comportará graves prexuízos económicos e laborais.

Por todo isto, solicito que se valore a posibilidade de fixar unha reunión para buscar unha solución que satisfaga a ambas as partes, sen descartar unha indemnización que compense as serias deficiencias do servizo.

Quedo á espera de recibir unha resposta.

Atentamente



Ricardo Fonte

Ferrol, 15 de maio de 2009